








UNIDADES DIDÁCTICAS



XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ "XOCAS"



Museo do Pobo Galego





O 23 de xuño de 1907 nace en Ourense Xaquín Lorenzo Fernández, coñecido de xeito familiar como "Xocas".

Na súa formación intelectual e humana foi decisiva a influencia do seu pai, Xosé Lorenzo Álvarez.

Eu en realidade non fun nunca á escola porque o meu maestro foi sempre o meu pai. Unicamente unba tempada antes de ingresar no Instituto, dixo meu pai: "Bueno, vas ir ó colexio este, ós Villares, con obxecto de que te poñas en contacto con outros rapaces que son os que van ser compañeiros teus de bachillerato" (...) E pra iso fun. O demais, a preparación toda, o mesmo que a das asignaturas do bachillerato era meu pai, o noso maestro. El preparábanos aquí, era un gran matemático e tiña unhas grandes condicións de pedagogo. (...) E miña nai dábanos clase de francés a meu irmao i-a min.

No bacharelato coñece a Otero Pedrayo, profesor seu durante uns meses.

En 1923 morre seu pai, o mesmo ano que el remata o bacharelato. Matricúlase entón na Universidade de Santiago de Compostela. Por esa época Xaquín entrega a Florentino López Cuevillas un traballo sobre o carro, quen o presenta ao Seminario de Estudos Galegos, entidade da que logo o propio Xaquín Lorenzo será membro activo. Establece ademais amizade con Otero Pedrayo e Vicente Risco e publica as súas primeiras colaboracións na revista "Nós". Pouco despois, entra a formar parte da Irmandade Galeguista de Ourense.

Aos vinte e cinco anos é nomeado director do Museo Etnográfico do Seminario de Estudos Galegos, mais, por mor da súa ideoloxía galeguista, un ano despois, en 1933, vese obrigado a trasladarse á Universidade de Zaragoza, xunto co seu irmán, Xurxo, que morre ao ano seguinte, ao tempo que Xocas remata a carreira. Trasládase logo a Madrid para preparar oposicións. Alí toma contacto co Centro de Estudios Históricos e colabora, a comezos de 1936, na campaña a prol do Estatuto de Autonomía.

Na Guerra Civil combate do lado que lle toca -o nacional- e o seu desacordo condúceo, como gustaba de lembrar, a dispararlle aos niños de procesionaria dos piñeiros casteláns, en vez de aos inimigos dos que nel mandaban. Aínda así -ou tal vez por iso- é ferido gravemente no ombreiro esquerdo a resultas do cal quedou para toda a vida con molestias recorrentes. Tralo seu retorno a Ourense, retoma as súas investigacións etnográficas e arqueolóxicas, paralelas ao seu traballo publicístico, cunha participación moi activa en numerosas iniciativas culturais.

Museo do Pobo Galego / Departamento de Educación e Acción Cultural

Textos: Aurora Lestón, Tania da Sobreira e Paula Vieites

Debuxos e fotografías: Arquivo Xaquín Lorenzo. Museo do Pobo Galego
Fotogramas de "O carro e o home"

Edita: Museo do Pobo Galego
San Domingos de Bonaval
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edición conmemorativa do ano 2004, dedicado
pola Real Academia Galega a Xaquín Lorenzo Fernández.

Imprime: Litosprint, S.L.
Depósito legal: PO-450-03

Nos anos 40 traballa na elaboración do guión do documental "O carro e o home" do que Xaquín Lorenzo é tamén o narrador. Realiza estudos de lexicografía, arquitectura popular e arqueoloxía. Na década dos 50 ocúpase dalgúns elementos da tecnoloxía paleoindustrial como os mazos ou os muíños de maré e continua co estudio do carro.

No ano 1958 ten que afrontar a morte do seu primeiro mestre e iniciador nos traballos de investigación, Florentino López Cuevillas, e poucos anos despois, os pasamentos da súa nai e do que fora tamén mentor e amigo, Vicente Risco.

Sen esquecer o seu labor docente, Xaquín Lorenzo Fernández, desenvolveu tamén unha importantísima actividade nas entidades culturais do país. En 1942 foi designado polo Ministerio de Educación Nacional colaborador do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, pero ademais ocupou a presidencia do grupo Marcelo Macías, participou na creación da Asociación Cultural Auriense, promoveu e impulsou o Padroado do Pedrón de Ouro e foi membro numerario da Real Academia Galega. En 1976 fúndase o Padroado do Museo do Pobo Galego e en 1977 inaugúrase esta institución, que Xaquín Lorenzo presidirá ata o seu pasamento.



Cos seus alumnos

Na década dos oitenta concedéronsele diversos recoñecementos, tales coma o título de fillo predilecto da provincia de Ourense, o Premio Otero Pedrayo ou a Medalla Castelao, entre outros.

O 21 de xullo do 1989 morría na súa casa de Facós, en Lobeira. Consoante coa xenerosidade que o caracterizaba, deixou o seu legado intelectual ao Museo do Pobo Galego, nun derradeiro acto de amor a Galicia.

O ETNÓGRAFO

Para Xaquín Lorenzo, o etnógrafo "é o arquivista do porvir. El gardará o de boxe para que non se perda e poida ser empregado polos investigadores do porvir".

Xa dende os tempos do Seminario de Estudos Galegos, a súa preocupación pola perda dos trazos materiais e sociais da identidade galega é constante, de aí, que o seu maior empeño vaia dedicado a deixar testemuñas fidedignas deles.




Festa das Mudaciós

Despois da guerra vai traballar arreo para restablecer o contacto con investigadores e centros de fóra de Galicia, especialmente con Portugal e coa escola alemana. Estas relacións plásmanse na asistencia a congresos e na publicación de traballos seus en revistas especializadas como a *Revista de Guimarães*, o *Volkstum und Kultur der Romanen* de Hamburgo, a *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* de Madrid e os *Anales del Instituto de Lingüística* da Universidade arxentina de Cuyo.

En agosto de 1950 principia o traballo de campo orientado á redacción dun volume de etnografía para o proxecto editorial que dirixe Otero Pedrayo. A este labor había dedicar unha década: en 1962 aparece en Bos Aires, publicado pola Editorial Nós, o volume 2, *Etnografía, cultura material*, da *Historia de Galiza*, unha obra fundamental para o estudio científico e a sistematización desta disciplina.

Mais a súa obra esténdese moito máis aló desta grande recompilación. Xunto aos seus temas máis queridos, o carro e a casa, ocúpase de cuestións como a presenza da muller no cantigueiro, as embarcacións, o tecido ou os xogos. Entre as súas publicacións podemos destacar tamén *Vila de Calvos de Randín*, con Cuevillas (1930), *Parroquia de Velle*, con Cuevillas e Vázquez Hermida (1936), *Cantigueiro popular da Limia Baixa* (1973), *A Nosa Señora do Viso* (1983), ou *Refraneiro Galego* (1983).

"Hai moita xente que pensa que isto da etnografía, do estudo da cousa popular, presupón o desexo de fixala, que a xente siga vivindo o mesmo, que siga facendo as mesmas cousas... Non se trata de anquilosar, non se trata de momificar unha sociedade. Trátase de estudiala e continuala dunha maneira lóxica, atemperada aos tempos, á evolución e ás novas técnicas. Ter un arado román para gadarlo, non (para) usalo, senón gardalo e coñecer...as raíces da nosa cultura para comprender a nosa historia e coñecer a nosa identidade."



Pendello

Como os etnógrafos do seu tempo, Xaquín Lorenzo, traballou cunha visión conxunta de Galicia que tentaban estudar, a pesar da necesaria especialización dos diferentes saberes humanísticos no ámbito universitario daquel tempo.

Seguindo esta máxima, el abordaba nos seus estudos o desenvolvemento histórico das áreas nas que estaba a traballar como parte indivisible das mesmas.



Olelas

Contribuíu tamén aos estudos da historia da arte, centrándose sobre todo no período prerrománico. Realizou traballos sobre diversas igrexas e capelas galegas como San Xes de Francelos, ao sur de Ribadavia, ou a capela visigótica de Amiado, preto de Allariz.

O ARQUEÓLOGO

Como os intelectuais galegos do século XIX, os homes da Xeración Nós consideraban fundamental un estudio profundo da historia de Galicia e dos xacementos arqueolóxicos do país como instrumento clave no entendemento da identidade galega. É por isto que Xaquín Lorenzo foi tamén autor dun amplo traballo arqueolóxico.

En 1931 colabora na catalogación dos castros da Terra de Lobeira, que realizan o seu irmán Xurxo Lorenzo e Florentino López Cuevillas. Desde 1933, como membro do Servizo de Escavacións do "Instituto de Estudios Regionales", participa en pescudas arqueolóxicas nos castros de Borneiro (Cabana), Baroña (Porto do Son) e Troña (Ponteareas). En 1942 o Ministerio de Educación Nacional desígnao colaborador do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Durante os anos 1944 e 1946 escava no castro de Cameixa (Boborás), que se revela como un dos xacementos máis importantes para a comprensión da cultura castrexa do noroeste; en virtude disto, é nomeado colaborador da "Comisaría de Excavaciones Arqueológicas". Máis adiante escava na vila romana de Abelenda das Penas (Carballeda de Avia) e no castro de Cabanca (Castrelo do Val) con Xesús Taboada Chivite.



Traballando nunha excavación



Castro Cabanca

Participa na edición das *Inscripciones romanas de Galicia. Provincia de Orense* e, en 1968, comeza con Ferro Couselo as exploracións no Castromao (Celanova), que haberían proseguir ata o ano 1973 e que, xa en solitario, dirixe en 1980.

O CINEASTA

Xocas dedicou especial atención, ao longo de toda a súa vida, ao elemento de transporte tradicional máis salientable: o carro. De feito, pouco despois do remate da Guerra Civil, foi guionista dun documental filmado na súa querida Lobeira: *O carro e o home*, dirixido por Antonio Román.



Nos anos oitenta esta filmación puido ser recuperada e, nesta ocasión, Xocas prestou a súa voz como narrador do documental posteriormente editado e divulgado en vídeo polo Museo do Pobo Galego.

Cómpre sinalar que esta obra, ademais do seu grande valor etnográfico, é unha das xoias das curtametraxes producidas pola cinematografía galega.



O FOTÓGRAFO


Xaquín Lorenzo facía el mesmo as fotografías coas que logo ilustraba os seus traballos etnográficos e arqueolóxicos. O legado que deixou abarca toda a paisaxe galega, as xentes, os costumes e os oficios.



O barbeiro do Berbés


Esta é unha das súas facetas máis coñecidas, pero o que moitos ignoran é a súa afección pola fotografía artística: bodegóns, paisaxes, efectos especiais e retratos. Para crear determinadas imaxes botaba man dos máis dispares elementos, como madeira, area, papel, cartón ou serraduras.

O aparello fotográfico máis enxeñoso de cantos empregaba era un pulsador de presión continua, aplicable ao disparador da cámara, realizado con asombrosa perfección e feito en madeira de buxo. Esta non foi elixida só pola súa resistencia a rachar ou ao desgaste, senón polo efecto resorte que precisaba, capaz de non experimentar a penas fatiga co tempo e co uso.



O DEBUXANTE


Xunto coa fotografía, o debuxo ocupou boa parte do tempo de Xocas, tanto profesional como de lecer. O seu interese por esta forma de expresión viuse fortemente influído polo feito de que o seu irmán Xurxo era un magnífico debuxante, igual có seu pai.



Torneiros

Xaquín Lorenzo consideraba esta técnica imprescindible para o estudio e transmisión da cultura popular, ilustrando persoalmente tódolos seus traballos, tanto etnográficos coma arqueolóxicos. Os seus debuxos seguen a ser reproducidos e son a referencia de moitos dos traballos de etnografía galega realizados ata agora.

Laza 1935





O MAQUETISTA

O deseño e elaboración de maquetas foi tamén unha das grandes afeccións de Xaquín Lorenzo. A súa iniciación ao mundo da etnografía tivo lugar aos dezaseis anos, cando realizou unha maqueta dun carro que máis adiante lle amosaría a López Cuevillas, xunto cuns apuntes que tomara acerca dos nomes que na Baixa Limia levaban as partes deste vehículo de transporte.

Un vran, na aldeia, tendo eu dezaseis anos, fixen, por enredo, un carriño de bois aproveitando uns anacos de táboas vellas; logo, sen un fito determinado, anotéi nun papel os nomes que alí daban ás pezas que o forman.

O comenzo curso tornéi a Ourense e un meu parente faloulle a Cuevillas, non sei con que motivo, do carriño que eu figurara. Cuevillas quíxome coñecer e unha noite fun ó Club, onde il ía á serán, co meu enredo na bolsa. Mostreillo; ollouno de vagar, leu as notas que eu esquirbira e mandou precurar uns libros que tiña no gabán. Cando llos trougueron, deumos e díxome:

– Tome. Co que vostede tén e co istes libros, faga un estudo encol do carro.

Eu collín os libros. Eran, lémbrome ben, La rueda en la Península Ibérica, de Cabré, e Los grabados rupestres del extremo sudoeste de Galicia, do P. Jalbay.

Fiquéi un pouco abraiado: nin eu contaba con aquilo, nin sabía por onde comenzo.

Mais entón apareceu o mestre: cos seus ensinamentos e cos seus consellos foi pouco a pouco abrindo o camiño diante de min, e comencéi a deprender cousas e a me intresar polo saber do pobo e pola súa cultura.

Ao longo da súa vida realizou outras moitas maquetas, das que podemos salientar as reproducións de instrumentos de traballo, así como outras feitas con vistas a seren empregadas como modelos fotográficos, como siluetas en madeira ou contornos elaborados en papel.



O MUSEO DO POBO GALEGO

Xaquín Lorenzo coidaba que era moi necesario documentar e musealizar o patrimonio antropolóxico galego e recibiu con ledicia a iniciativa de crear un museo etnográfico de Galicia: o Museo do Pobo Galego, institución inaugurada en 1977 e que el presidiu ata o seu pasamento en 1989. Con este centro facíase realidade o proxecto do Seminario de Estudos Galegos, truncado pola Guerra Civil.

En 1979 Xaquín Lorenzo comentaba o que este museo significaba no comezo da súa andaina:

(...) Pero por outro lado tampouco queremos que o Museo do Pobo Galego sexa unha obra morta. Non queremos que o Museo sexa un cuarto onde se meten en frascos con alcohol uns exemplares de cousas pra que as xentes as vexan, non. Queremos algo vivo, e ese algo vivo farase a base de publicacións, a base de conferencias, a base dalgunhas exposicións, como algunhas que se fixeron eiquí no Museo Arqueolóxico. Por exemplo a da dorna, a dos cruceiros, a dos reloxes de sol, a do monte. Todo isto, que logo se fará dunha maneira itinerante en diversos pobos da Galiza, é o que aspira o Museo do Pobo Galego, pra que a xente vexa, coñeza e se interese por esa cultura popular. Aínda que contemos, de momento, con poucos medios.

A creación do Museo do Pobo Galego supón unha das súas meirandes satisfaccións como etnógrafo. Cómpre sinalar que, aínda na actualidade, gran parte dos textos que atopamos nas salas do Museo están baseados directamente no seu traballo.



BIBLIOGRAFÍA

Etnografía e Cultura Material. Vol. II da *Historia de Galiza*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Ed. Nós. Bos Aires, 1962.















Homenaxe a Florentino L. A. Cuevillas. Ed. Galaxia, Vigo, 1957.

Homenaxe a Xaquín Lorenzo Fernández. *Boletín Auriense*. Tomo XX-XXI. Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, 1990-91.

Raigame. Revista de Arte, Cultura e Tradicións Populares. Número 9. Deputación de Ourense. Decembro 1999.

Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos. Ed. do Castro, A Coruña, 1978.

Vázquez, B. Xaquín Lorenzo ("O Xocas"), un herdeiro da Xeración Nós. *Outeiro*. Número 8, 1983.



Patrocina:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

